

LEMBRANZAS DE “SOFÍA RODRÍGUEZ”, A MESTRA DOS NÓSOS PAIS

Dona Sofía era unha veciña de Negreira que vivía na avenida das Brañas. Durante moitísimos anos adicouse á docencia dando clases particulares a nenos e nenas de diferentes idades.

O meu pai contábame que Sofía era unha muller de carácter, deulle clase durante uns meses pero recorda que lle gustaba que os nenos se portasen ben e de que era esixente cos seus alumnos.

Sofía foi profesora do meu pai. Vouvos contar un pouco como cambiaron as cousas.

Os nenos utilizaban un só libro para todas as asignaturas. Sentaban en pupitres de madeira e escribían en pizarras con pizarrillos. Nunha mesma clase había nenos de tres ata catorce anos. No recreo, dáballes a cada neno un vaso de leite. Cando non se sabían as leccións, quedaban castigados estudando ata as nove da noite.

A min paréceme que cambiaron moito as cousas desde que meu pai estudaba con Sofía.

Era máis coñecida polos vecinos por Sofía “A revisora”. Este alcume víñalle porque seu pai, Manuel Rodríguez, era o revisor do Celta. Súa nai, dona Francisca, que tamén foi mestra, cando morreu, deixoulle o cargo de profesora á súa filla Sofía.

Tiña tres irmáns máis que aínda viven: Manuel, Carmiña e Purita, os dous primeiros viven en España e Purita en Arxentina.

Cando a súa nai morreu, o seu pai casou cunha veciña de Campos que se chamaba Adalia, a miña avoa dí que Sofía quixo moito porque foi moi boa con todos eles.

Dona Sofía foi mestra de moitísima xente de Negreira, na miña familia deulle clase á miña avoa e tamén á miña nai, que foi con ela a clase de infantil. A miña nai e a miña avoa coñecían ben. Dela quedoume o recordo de ir coa miña nai á súa casa facerlle visitas e tamén de que nunca lle quixen dar un bico.

Gustábanlle moito os labores como o ganchillo e a calceta, tamén sabía amañar medias porque, antigamente cando tiñan alguna carreira, tamén se amañaban. Era unha muller moi traballadora, tamén cultivaba a súa horta e tiña galiñas.

O día 8 de marzo, Día da Muller, queríanlle dár unha homenaxe pero, desgrazadamente o mércores 9 de febreiro ós seus 90 anos, deixounos repentinamente.

Os veciños de Negreira sempre a recordarán porque todos din que era unha boa muller.

O día que finou, recordo que nós estabamos a cear cando chamaron á miña avoa para dálle a noticia. Ela, ó enterarse da súa morte, quedou moi triste, quería moito.

Semblanza realizada por D'Lenia, Sofía, Fátima, Julia (5º A)

QUE É UN MESTRE PARA TÍ?

“SOFÍA RODRÍGUEZ”

Esta semana no colexio dixéronnos que iamos acudir á entrega do II PREMIO 8 DE MARZO do concello de Negreira, este ano adicado a Sofía Rodríguez, unha mestra.

Deseguida nos decatamos de quen se estaba a falar, case todos erguemos as mans para dicir que fora mestra da nosa nai, do noso pai ou de ámbolos dous.

Carla comentou que cando estudou o tema da Guerra Civil, foi falar con ela para que lle contase as súas vivencias, porque ela era unha persoa afable, xenerosa e chea de ilusión que deixou nos nosos pais unha pegada importante transmitíndolles, coa súa entrega, grandes valores convertíndose nunha referencia nas súas vidas.

Realizamos un pequeno exercicio de reflexión pensando en Sofía e na importancia da súa profesión, pedíronnos que cada un expresara o que un mestre podía representar na nosa vida. Este é o resultado:

Moitas gracias, Sofía, por ensinar a vivir, voar, soñar... a moitas xeracións de nenos e nenas que iniciaron o seu proxecto de vida levándote nun recuncho do seu corazón.

Alumnado de 6º A e 6º B

PARA SOFÍA